

Segunda xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Venres, 28 Outubro 2011 19:42



Sabiamos que o museo instalado no antigo *Farol da Guia*, primeiro faro levantado na costa portuguesa, hoxe en desuso, non abría ao público ata as dez da mañá e, en consecuencia, decidimos achegarnos, de xeito circunstancial, a

Estoril

. Xa de regreso paramos á entrada de

Cascais

para ver con detenemento o edificio de uso residencial que Byrne construíu recentemente nese lugar, voando ingrávulo sobre a beira do océano. Vino e volvíñ velo, entregado, pero non fun quen de sentilo afín. Despois, coa hora cumprida, visitamos o

Museo do Farol

.

Para darlle cabida, os *Aires Mateus* (1) restauraron o faro e acondicionaron os edificios complementarios, consolidaron o antigo forte militar sobre o que se asentan e, dentro dos seus límites, incorporaron unha nova peza de arquitectura que dá continuidade á volumetría existente e pecha o espazo respecto ás traseiras dos edificios que actualmente lindan por ese lateral co forte. Formal e espacialmente colmou as miñas expectativas, tal e como prevía; agradoume a idea, que propoñen, de explorar a resolución de fachadas e cubertas co mesmo material, transferíndolle ao obxecto arquitectónico a posibilidade de ser lido como un sólido. Moi escultórico, nada arrogante. Percorrémolo coa calma debida e aínda tivemos tempo para, dende a lanterna orfa do faro, demorarnos a contemplar un azul refulxente que parecía ser infinito.

Ao saír, despois de atravesar camiñando o parque *Carmona*, volvemos visitar o museo dedicado á pintora

Paula Rego.

Cando xa nos íamos decateime de que non entrara no auditorio e pedín permiso para facelo. Superadas as dificultades iniciais, finalmente entrei.

O seguinte obxectivo xa se situaba no *Além-Tejo*. Para alcanzalo cruzamos a ponte *25 de Abril*, sobre o

Tajo

, e mentres o faciamos puíden ver, de xeito impreciso, ao lonxe,

Segunda xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Venres, 28 Outubro 2011 19:42

Lisboa

; esta vez, a cidade da luz branca non forma parte do noso itinerario. Empezaba a quentar con fartura o sol, o ceo estaba despexado; o día espléndido.

Os *Aires Mateus* construíron en *Alcacer do Sal* outra obra que é testemuño do interese destes arquitectos polas masas escavadas e a abstracción aplicada á arquitectura. Non foi doado atopala. En realidade, non a atopariamos nunca buscándoa na parte alta da vila, tal e como o estabamos a facer na crenza de que toda ela se reducía ao que tiñamos ante os ollos. O erro produciuse como consecuencia de entrar a esa cota cando, en realidade, o centro urbano está oculto nunha garganta bastante máis abaixo. Quitounos del un rapaz de boa vontade ao que pedimos axuda. Cun ricto de concentración na cara e despois de cavilar un anaco, empezou a dar unha serie de indicacións acompañándose de expresivos xestos manuais, pero cando levaba un bo tempo falando parouse subitamente. Dixo que era complicado chegar alá e que mellor sería que nos fixese un debuxo do percorrido. Baixei do coche e entregueille o meu caderno de notas. Debuxou canto quixo, non moito, sen deixar de falar. Cando rematou deille as grazas; fixo algún retoque e volvinllas dar. Regresei ao coche mentres el desaparecía camiñando e entregueille o caderno a María José; miramos con detemento o esbozo e finalmente tomamos a decisión de guiarnos polas súas indicacións orais. Ao final, atopámola.

A *Residência de anciãos* recóstase con naturalidade sobre unha topografía inclinada e convive sen facer demasiado ruído cos seus patéticos veciños. É un edificio lineal, de sección rectangular que, a medida que vai esvarando pendente abaixo, québrase varias veces ata pechar parcialmente un espazo común de relación, protexido polo propio edificio do ruído e o control indesexable que xeran as vías públicas ás que dá fronte. Mentres María José se centraba en tirarlle fotografías saquei uns lapis da bolsa e tomei algúns apuntamentos; ao rematar, saímos.

Alcacer é unha poboación de casas brancas que se apertan, aba abaixo, aos pés do antigo castelo ata pararse, xa na chaira, un bo treito antes de alcanzar o río *Sado*. Aquí, entre o río e o casarío, ábrese o principal espazo de convivencia da vila e é onde esta ofrece a súa mellor fachada; alí, no castelo, hoxe emprázase a

Pousada

Eliximos seguir a ruta por estrada nacional para poder contemplar máis pausadamente a paisaxe e a vexetación desta zona litoral do *Alentejo*. Ao cabo dun tempo, unha gran rotonda anúncianos que entramos en *Sines*.

Sines é outra poboación presidida por fortaleza medieval. Pertenceu á xurisdición de *Santiago*

Segunda xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Venres, 28 Outubro 2011 19:42

do Cacém

ata que en mil trescentos sesenta e dous o rei

D. Pedro I

concedeulle foro. A súa situación é de total dominio sobre o Atlántico, co que se atopa combinando grandes areas e algúns penedos. O antigo castelo apenas conserva pouco máis que a cerca, e o seu recinto empregase hoxe para usos culturais. Á súa beira, nunha especie de meseta horizontal, amontóanse as casas brancas con zócolos e recercados de portas e ventás pintados en fortes cores, entre as que abundan os verdes, azuis e amarelos; a maioría están estragadas e maltratadas. Buscando o meu obxectivo entre elas, chámame a atención unha bela panorámica; paro o coche e apéome para contemplala, xiro, levanto a vista e non dou crédito ao tamaño que ás veces alcanza a casualidade. Parara xusto diante do soar onde nacera o gran mariño

Vasco da Gama

; dío unha placa alí colocada, mirando ao mar. Pouco despois, xa a pé, demos co obxectivo da visita a

Sines

: a

Casa das Artes

, última obra que tiñamos previsto visitar dos

Aires Mateus

. É unha peza de excelente concepción, como é sabido, á que a administración está a aplicar un baixo mantemento. O xeito como os arquitectos conducen a luz dentro do espazo é extraordinario, e a inserción urbana da volumetría un grande acerto que hoxe vese con desgana polo maltratado que está o ámbito; unha mágoa.

Rumiando estas sensacións encontradas, cruzamos *Grândola*. Ao facelo, lémbrome de *Zeca A fonso e*

do vinte e cinco de Abril; era previsible e ata tópico. No coche soa

Stompy Jones,

do

Duke

, fóra, nas árbores que bordean a estrada, zumban as carricantas. Mentres conduzo, decátome de que no

Alentejo

xa é tempo de vendima.

Ao atardecer, tras achegarnos a *Montemor-o-Novo* para contemplar como as casas outra vez brancas, tipicamente *alentejanas,*

recercadas a oito en azuis e amarelos e provistas de enormes chemineas, ordénanse unha vez máis á sombra do vello castelo,

chegamos por estrada nacional a

Évora

Segunda xornada.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Venres, 28 Outubro 2011 19:42

. Despois de instalarnos no hotel, fixémonos cun plano e demos un primeiro paseo pola cidade. Máis tarde, xa decididos a cear, medio atravesámola acompañando a un home duns setenta anos, máis ben alto, seco de carnes, orgulloso da súa terra e amable en extremo, que se empeñou en que deberíamos facelo n'Ó

Fialho

. Segundo el, por dúas razóns: era o mellor restaurante da cidade e de prezo non prohibitivo. Xa escurecía cando, despois de camiñar durante longo tempo por estreitas, labirínticas e reviradas rúas empedradas, desembocamos nunha praza ampla e algo desestruturada na que, ao lado contrario, segundo nos dixo, emprazábase o local ditoso. María José estaba a punto de afogarse na súa propia suor; eu non presentaba mellor estado. O cicerone, que ademais de ter apuro, ou ser de natural apurado, se cría na obriga de falarnos mentres camiñaba, bufaba como un pura sangue á carreira. A suor esvaráballo polo nariz en forma de grosas pingueiras que remataban estampándose no chan mentres, co brazo estirado apuntando á casa de comidas, asegurábase de que o comprenderamos perfectamente. Fixémoslle ver que si e, tras agradecerlle a información e a vontade posta, despedímonos ao tempo que enfilabamos o restaurante. Moi pouco despois soubemos que a galopada fora en van: estaba pechado por vacacións. Desandamos o andado, agora a velocidade de conveniencia, e fomos directamente á

rúa

da Moeda

onde, no

Cocinha do Santo Humberto,

tomamos tranquilamente un succulento

borrego assado

e unha botella de tinto

alentejano

. Rematamos o día compartindo uns

gin-tonic

despois da media noite na pouco concorrida

praça do Giraldo

, autentico corazón da cidade.

(1) Manuel e Francisco Aires Mateus son irmáns e arquitectos lisboetas, como xa se dixo na primeira entrega (Prólogo) desta *Viaxe á estrema dura de Iberia*.